

*Programación
didáctica*

MÚSICA

*IES Martaguisela
2º curso ESO*

Marta Cortés Fernández

No presente curso 2022/23 Marta Cortés Fernández, Xefa de Departamento, imparte clase a segundo e terceiro curso de ESO e Proxecto Competencial a 1º A e C de ESO.

1- Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, de Internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais coma de calquera persoa interesada en facer música. A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical. Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música

potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias e, ademais, contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado. A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado. Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza. Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal. Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción» englobanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de coceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres coma por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión. O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas. En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

2- Contextualización

Situación socioeconómica e cultural

2.1. Domiciliación do alumnado.

O alumnado do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras procede maioritariamente do propio concello (é do concello do Barco de Valdeorras o 73% do alumnado). Os alumnos/as que non proceden do Barco proveñen fundamentalmente dos concellos limítrofes de Rubiá e Vilamartín; se ben en bacharelato atopamos tamén varios alumnos/as que veñen de Carballeda de Valdeorras.

É salientable a presenza de bastantes inmigrantes, procedentes sobre todo de Portugal e de países de Sur América, especialmente Arxentina, Colombia e da República Dominicana. Cómprese sinalar, ademais, que a incorporación de inmigrantes á poboación da vila é re recente.

Polo que respecta ó medio de transporte empregado polo centro, os alumnos/as que viven na vila veñen ó centro (aproximadamente o 76%). sendo considerable tamén o número de autobús (aproximadamente o 14%) e moi escaso o daqueles que como a moto ou o coche particular.

Polo contrario, os alumnos/as que residen fóra do Barco acoden ó centro maioritariamente en autobús (aproximadamente o 89%) e son moi poucos os que o fan a través doutros medios.

2.2. Linguas empregadas.

Os datos porcentuais dos alumnos/as que falan habitualmente en galego e castelán ou ambos idiomas (2001) son os seguintes:

A) Alumnos/as que residen no Barco:

Casa	Instituto	Amigos/as	
Só galego	20%	2%	5%
Só castelán	43%	36%	59%
Ambos	36%	61%	36%

B) Alumnos/as que residen fóra do Barco:

Casa	Instituto	Amigos/as	
Só galego	48%	28%	26%
Só castelán	23%	14%	36%
Ambos	29%	57%	38%

Destes datos podemos tira-las seguintes conclusións:

- Os alumnos/as do Barco falan maioritariamente o castelán na casa e cos amigos/as e no instituto falan ambos.
- Os alumnos/as de fóra do Barco falan maioritariamente galego na casa e maioritariamente ambos idiomas no instituto e cos amigos/as.
- A porcentaxe de alumnos/as que falan só galego na casa diminúe notablemente no instituto (do 20% de alumnos/as do Barco que falan só galego na casa, só un 2% continúa a falar só galego no instituto; e do 48% de alumnos/as de fóra do Barco que falan só galego na casa só un 28% segue a falar só galego no instituto. Isto lévanos a determinar que o centro é un lugar de desgaleguización do alumnado e non de galeguización, de aí que debemos tomar iniciativas para corrixir esta tendencia.

Se compararmos estes resultados cos obtidos nas enquisas realizadas no 1995 observamos que:

- O número de alumnos/as que falan ambos idiomas aumentou tanto na casa como no instituto e cos amigos/as e tanto entre os alumnos/as do Barco como entre os de fóra do Barco.
- En xeral, a porcentaxe de alumnos/as que só falan castelán reduciuse, pasando estes a falar ambos; mentres que o número de alumnos/as que falaban só galego mantense.

En canto á lingua empregada polos pais e nais, os datos porcentuais dos pais e nais que falan habitualmente en galego, castelán ou ambos son os que seguen:

A) Pais e nais que residen fóra do Barco: Só gl. S.cast. Ambos
 Entre eles 53% 25% 22
 Co fillo/a 53% 17% 30%

B) Pais e nais que residen no Barco:
 Só gal. S.cast. Ambos Entre eles 40% 30% 30%
 Co fillo/a 30% 36% 34%

Se atendemos á lingua empregada polos avós/avoas, os datos porcentuais de avós/avoas que falan habitualmente en galego, castelán ou ambos idiomas son os que seguen:

A) Avós/avoas que residen fóra do Barco: Só galego S. cast. Ambos.
 Entre eles 65% 22% 13%

Co neto/a 57% 26% 17%

B) Avós/avoas que residen no Barco:

Só galego Só cast. Ambos

Entre eles 62% 17% 21%

Co neto/a 56% 19% 25%

Se comparamos estes datos, podemos observar como o uso do galego descende considerablemente de xeración a xeración.

2.3. Contexto sociocultural.

Son escasas na zona de Valdeorras as infraestruturas de servizos sociais, como zonas deportivas, librerías, cines, pero abundan os pubs e tendas.

Polo que respecta ás actividades culturais destaca a temporada de outono e de primavera de teatro que se celebra na casa da cultura do Barco; tamén a proxección de películas do cine club Groucho Marx, que organiza todos os anos unha semana de cine; así como as diferentes conferencias que organizan as distintas asociación.

culturais do Barco. Nos últimos anos estase producindo un incremento no número de asociacións culturais. Ademais destas asociacións destacan as de veciños, xuvenís e de amas de casa que se encargan nalgúns casos de impartir cursos sobre diferentes materias.

Os problemas xuvenís que podemos destacar son casos esporádicos de drogo- dependencias.

Se comparamos estes resultados cos obtidos nas enquisas realizadas no 1995 observamos que:

- O número de alumnos/as que falan ambos idiomas aumentou tanto na casa como no instituto e cos amigos/as e tanto entre os alumnos/as do Barco como entre os de fóra do Barco.
- En xeral. a porcentaxe de alumnos/as que só falan castelán reduciuse. pasando estes a falar ambos; mentres que o número de alumnos/as que falaban só galego mantense.

En canto á lingua empregada polos pais e nais, os datos porcentuais dos pais e nais que falan habitualmente en galego, castelán ou ambos idiomas (2001) son os seguintes:

A) Pais e nais que residen fóra do Barco:

Só gal.Só cast .Ambos

Entre eles 53% 25% 22%

Co fillo/a 53% 17% 30%

B) Pais e nais que residen noBarco:

Só gal.Só cast.	Ambos		
Entre eles	40%	30%	30%
Co fillo/a			
	30%		
	36%		
	34%		

Se atendemos á lingua empregada polos avós/avoas, os datos porcentuais de avós/avoas que falan habitualmente en galego. castelán ou ambos idiomas son os seguintes:

A) Avós/avoas que residen fóra do Barco:

Só galego	Só castelán	Ambos	Entre eles	65%	22%	13%
Co neto/a	57%	26%	17%			

B) Avós/avoas que residen no Barco: Só galego Só castelán Ambos

Entre eles	62%	17%	21%
Co neto/a	56%	19%	25%

Se comparamos estes datos, podemos observar como o uso do galego descende considerablemente de xeración a xeración.

2.3. Contexto sociocultural.

Son escasas na zona de Valdeorras as infraestruturas de servizos sociais, como zonas deportivas, librerías, cines... sen embargo abundan os bares, pubs e tendas.

Polo que respecta ás actividades culturais destaca a temporada de outono e de primavera de teatro que se celebra na casa da cultura do Barco; tamén a proxección de películas do cine club Groucho Marx, que organiza todos os anos unha semana de cine;

así como as diferentes conferencias que organizan as distintas asociacións culturais do Barco. Nos últimos anos estase producindo un incremento no número de asociacións culturais. Ademais destas asociacións destacan as de veciños, xuvenís e de amas de casa que se encargan nalgúns casos de impartir cursos sobre diferentes materias.

Os problemas xuvenís que podemos destacar son casos esporádicos de drogo- dependencias.

2.4. Traballo dos pais, estudos e vivenda familiar.

A base da economía familiar é o traballo do pai. aínda que o número de mulleres que traballan fóra do fogar é relativamente alto

(a porcentaxe de nais que traballan só no fogar é de aproximadamente o 40%).

Entre os traballos dos pais, o sector que domina é o da lousa (o 37% dos pais dos alumnos/as son traballadores da canteira) mentres que as nais que traballan fóra do fogar dedícanse maioritariamente ao

servizo doméstico e de limpeza (o 24% das nais que traballan fóra do fogar) e en segundo lugar ó traballo da canteira (o 12% das mulleres que traballan fóra do fogar).

O resto dos pais e nais repártense entre as distintas profesións dun xeito máis ou menos equilibrado.

En canto ás distancias entre o domicilio familiar e o lugar de traballo do pai e da nai, a tendencia xeral é que a nai traballe máis preto da casa có pai: o 34% dos pais traballa a máis de 20

quilómetros do domicilio. descendendo a porcentaxe a un 8% no caso das nais que traballan a máis de 20 quilómetros do domicilio.

O número de pais e nais de alumnos/as que realizan algunha actividade complementaria é moi inferior ó daqueles que non realizan ningunha actividade complementaria, sendo a actividade complementaria predominante a agricultura (horta e viña).

O nivel cultural da familia pódese considerar medio-baixo xa que o que predominan son os pais e as nais con estudos primarios ou secundarios (o 79% dos pais e o 77% das nais teñen estudos primarios ou secundarios). É destacable o feito de que siga sendo bastante alto o número de pais e nais sen estudos (o 6% no caso dos pais e o 5%o no caso das nais). A porcentaxe de universitarios é do 15% no caso dos pais e do 17% no caso das nais. Entre os irmáns dos alumnos/as o número de universitarios aumenta con relación ós pais/nais.

O tipo de vivenda predominante é o piso (residen en pisos o 63% do alumnado) fronte á casa (posúe este tipo de vivenda o 36% do alumnado). O lugar que predomina destinado ó estudio é a habitación e en xeral, os alumnos valoran positivamente as condicións da súa vivenda, resultándolles cómoda para desenvolver o seu traballo.

2.5. Tipoloxía escolar do IES Martaguisela

1. Medio externo do centro

O IES Martaguisela atópase situado na vila de O Barco, centro neurálxico de Valdeorras bisbarra que funda a súa economía na explotación da lousa no sector servizos e na agricultura da vide. Dentro da vila o Centro sitúase no extremo occidental da parte nova recentemente urbanizada nunha zona onde se concentran case que a totalidade dos centros e organismos educativos con que conta a vila.

2. Medio interno do centro

Este IES de titularidade e financiamento público, ten unha capacidade escolar media, e na actualidade conta con 548 alumnos repartidos nos seguintes niveis educativos: Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato para adultos e That 's English (Escola Oficial de Idiomas a distancia).

O cadro docente está formado por 50 membros: 39 profesores de Ensino Secundario, mestres e a Orientadora académica

3. Estrutura e funcionamento (2002)

Ratios, departamentos didácticos e espazos escolares. As porcentaxes de número de alumnos por profesor son as seguintes: De 0 a 100 alumnos/as Entre 100 e 200 Máis de 200

19 prof.=38% 27 prof.=54% 4 prof.= 8%

O número total de Departamentos didácticos é de 17: Lingua Galega, Lingua Española, Ciencias Naturais, Relixión, Filosofía, Latín, Grego, Inglés, Francés, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Física e Química, Educación Física, Matemáticas, Debuxo, Música, Tecnoloxía e Economía. A estes temos que engadir o departamento de Orientación escolar.

No IES impártense os dous ciclos do Ensino Secundario Obrigatorio, as modalidades do Bacharelato: Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias da natureza e da saúde, así como o programa de That's English. Tamén conta co Bacharelato de adultos.

O número total de aulas de que dispón o centro é de 24; oito delas dedicadas ás clases específicas de: informática, debuxo, música, tecnoloxía, idiomas e dúas de apoio (audición e linguaxe e pedagogía terapéutica)

Os locais destinados ós departamentos didácticos son 14, máis tres laboratorios: ciencias naturais, física e química.

Tamén se dispón de pavillón, biblioteca, dúas salas de recepcións de pais, salón de actos, sala do profesorado, cafetería, comedor, conserxería e aseos para o profesorado e alumnado.

Os espazos administrativos con que conta o centro son: Dirección, Vicedirección, Xefatura de Estudos e Departamento de Orientación e Secretaría.

A causa da reubicación actual das aulas, por necesidade de espazo a materia de Música non ten aula no presente curso.

3.3.1 Sistema de adscrición

Na actualidade non é necesario utilizar ningún sistema selectivo na admisión do alumnado; pero cóntase cos seguintes centros adscritos para cursar a ESO: C.P. Julio Gurriarán de O Barco, C.P.

Ramón Otero Pedraio de Viloiira, CF. Manuel Folia Respino de Vilamartín e C.P. Virxe do Camiño de Rubiá; tendo estes centros prioridade na admisión do alumnado sobre o resto dos centros educativos da zona.

3.3.2 Organización e horarios.

O horario lectivo semanal do centro é de 8:30 ata 14:10 (e os luns de 15:40 ata as 17:30 a continuación o That's English. Mércores e xoves a partires das 18:00 o bacharelato de adultos. O horario actual está suxeito a variacións. A distribución das materias ó longo da xornada escolar tenta unha axeitada adecuación daquela ó nivel de concentración do alumnado durante a xornada lectiva, e considerando ademais o grao de dificultade das diferentes materias organízase tamén o uso dos espazos escolares.

3.3.3 Tutorías

Entre o profesorado que imparte clase a un determinado grupo, a dirección escolle un titor. Este profesor/dedica dúas horas semanais do seu horario a actividades de tutoría: unha delas utilízase para a recepción de país, e a outra para a atención do alumnado. No caso da ESO esa hora de atención forma parte do horario lectivo, mentres que no bacharelato realízase fóra da xornada lectiva.

En xeral, para os labores de tutoría o profesorado utiliza un tempo complementario semanal dado o amplo das súas funcións que

inclúen desde o control das faltas de asistencia ata os problemas xenéricos da aula, así como os casos do alumnado que presente dificultades.

A tutoría é apoiada polo Departamento de Orientación, que realiza un seguimento en conexión cos titores das aulas, así como do alumnado con dificultades.

3- Competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD). Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A Materia de Música na ESO contribúe de forma directa a adquisición das seguintes competencias básicas:

1-COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.

A música fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas a cos contextos social e histórico ós que se circunscribe cada obra.

2-COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a auto crítica e autoestima, esforzo. A organización e realización de actividades musicais no centro escolar require o emprego de habilidades sociais para o traballo en equipo coa fin de levar a cabo un proxecto en común: empatía, valorar ideas alleas, dialogar, traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

3-COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.

A participación nas actividades musicais e de movemento, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición e habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento da a oportunidade de expresar ideas propias, valorar os demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

4-COMPETENCIA DIXITAL.

O uso dos recursos tecnolóxicos no ámbito da música posibilita o coñecemento e dominio básico de hardware e software musical, os diferentes formatos de son e de audio dixitais ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de auto aprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

5-COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.

A música potencia capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada a autónoma como a atención, a concentración e a memoria, a vez que desenvolve o sentido da orde, da análise.

6-COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

A música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, e a adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Colabora tamén coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal.

7-COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.

A música realiza a súa achega a mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non so para acadar resultados musicais óptimos, se non tamén para prever problemas de saúde.

8- COMPETENCIA MATEMÁTICA.

A música contribúe a esta competencia poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as diferentes figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte é directa a relación que ten a música coas matemáticas e a física en correntes musicais como a música aleatoria e a música estocástica.

4- Obxectivos xerais

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusa.

A ensinanza da Música nesta etapa terá como obxectivos ademais o desenvolvemento das **seguintes capacidades:**

1- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e

sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

2-Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.

3-Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

4-Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información- medios audiovisuais, internet textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.

5-Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recurso para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.

6-Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

7-Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais nos medios de comunicación.

8-Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.

9- Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

5- Contidos

Bloque 1: Interpretación e creación.

B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical

B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.

B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.

B1.7. Grañas e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.

B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.

B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.

B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

Bloque 2: Escoita

B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.

B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

Bloque 3: Contextos musicais e culturais.

B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos,

compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

Bloque 4: Música e tecnoloxías.

B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción coa súa práctica.

6- Criterios de Avaliación.

Bloque 1: Interpretación e creación

B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a

interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuindo ao perfeccionamento da tarefa en común.

Bloque 2: Escoita

B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.

B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

Bloque 3: Contextos musicais e culturais

B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.

B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".

B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

Bloque 4: Música e tecnoloxías.

B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.

B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

7- Estándares de aprendizaxe

Bloque 1: Creación e interpretación.

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.

MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB1.6.3. Avisa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

Bloque 2: Escoita

MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.

MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.

MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

Bloque 3: Contextos musicais e culturais

MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.

MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

MUB3.2.1. Amona interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.

MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.

MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.

MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.

MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.

MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

Bloque 4: Música e tecnoloxías

MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

8-Concreción de elementos transversais

O artigo 4 do Decreto 86/2015, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade, subliña a relevancia dos elementos transversais na Programación. Ademais, desde o tratamento dos contidos, as imaxes e os textos, e desde a propia acción educativa, débense fomentar valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera

condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

Respecto a isto, hai que subliñar que o Decreto 86/2015, destaca de forma significativa a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Igualmente, han de evitarse comportamentos e contidos sexistas, e estereotipos que supoñan discriminación. Incorporaremos tamén elementos relacionados coa educación e seguridade vial, co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente, cos riscos de explotación e abuso sexual, e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación enténdese non só como un soporte para determinados compoñentes e ferramentas de aplicación na clase, senón tamén pola súa función básica para a personalizar a aprendizaxe, polas súas posibilidades didácticas e pola conexión cos hábitos e experiencias das novas xeracións de alumnos.

Moitos dos textos empregados na clase, terán como fío condutor o desenvolvemento emocional dos adolescentes, o emprender e a educación cívica e en valores (respecto, tolerancia, cooperación, solidariedade, igualdade entre homes e mulleres, igualdade social, rexeitamento de calquera tipo de discriminación, análise crítica de hábitos de consumo, defensa do medio ambiente).

9- Táboa para a vinculación entre obxectivos, contidos, criterios, estándares, grao mínimo, competencias clave, elementos transversais, instrumentos e criterios de avaliación.

Os contidos que figuran a continuación preséntanse divididos en unidades didácticas, distribuídos por trimestres/avaliacións.

Todos e cada un dos contidos son traballados- sen excepción dos propostos pola profesora- con exercicios semanais na aula e/ ou na casa no caderno de traballo do alumno ou /e a través das actividades propostas pola profesora, de xeito interactivo, en EDIXGAL e /ou na Aula Virtual do centro.

Os instrumentos e os criterios de avaliación desenvólvense de maneira xeral (primeiro recadro, dúas columnas finais) para seres detallados a continuación para cada contido.

Música 2º de ESO								
1ª Avaluación								
Unidades 1, 2, 3, 4: Calidades do son. Tipos de voces. Familias instrumentais. Cordófonos. A duración. Xéneros musicais I.								
OBX.	CONTIDOS	CRITER. AVAL.	ESTÁNDAR APREND.	GRADO MINIMO	COMPT	ELTOS TRAN.	INSTR. AVAL.	CRITERIOS CUALIF.
n	B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música. *	B.1.1	MUB1.1.1.	Calidades do son.	CCEC	C.L, E. O, TI C	XERAIS Caderno de traballo diario do alumno. Probas escritas e orais. Práctica musical individual e en grupo. Valoracións semanais na ficha do alumno sobre a intención participativa e atención. Traballos (segundo tempo dispoñible) escritos Proba de audición n.	XERAIS O 70% da nota corresponden al le ás probas teóricas escritas nun máximo de dúas probas por trimestre. O 0% da nota final para a práctica instrumental : 10% un exame individual, a final do trimestre das partituras traballadas , 10% práctica en grupo. Completa a nota as valoracións sobre traballos, tarefas diarias, atención e participación na clase. Cun 10% . Se o tempo o permítase farase unha proba de audición cu 10% do corresponden á nota final.
ñ	B1.1 Parámetros do son. B.1.2. Características da voz.** B.1.5. Práctica da relaxación, respiración.	B.1.1	MUB1.1.2. MUB1.1.3.	Tipos de voces humanas. Coñecemento do funcionamento dos aparatos respiratorio, fonador e resoador. Tipos de voces.	CMCC T CCEC	E.O. TIC. CCEC	Probas escritas e orais. Práctica musical individual e en grupo. Valoracións semanais na ficha do alumno sobre a intención participativa e atención. Traballos (segundo tempo dispoñible) escritos Proba de audición n. **Ejercicios sobre o aparato respiratorio e fonador na proba teórica. Practicar respiración durante proba práctica.	O 0% da nota final para a práctica instrumental : 10% un exame individual, a final do trimestre das partituras traballadas , 10% práctica en grupo. Completa a nota as valoracións sobre traballos, tarefas diarias, atención e participación na clase. Cun 10% . Se o tempo o permítase farase unha proba de audición cu 10% do corresponden á nota final.
m								
n	Grafas e notación musical.	B1.2.	MUB1.2.1	Lectura con instrumentos ou voz de partitura completa en grupo e individual.	CCEC	C.L, C. A, TI C, EC C	Proba de audición n. **Ejercicios sobre o aparato respiratorio e fonador na proba teórica. Practicar respiración durante proba práctica.	O 0% da nota final para a práctica instrumental : 10% un exame individual, a final do trimestre das partituras traballadas , 10% práctica en grupo. Completa a nota as valoracións sobre traballos, tarefas diarias, atención e participación na clase. Cun 10% . Se o tempo o permítase farase unha proba de audición cu 10% do corresponden á nota final.
g,n, d, ñ	B.1.15. Práctica de pezas musicais, memorización e lectura	B1.6	MUB1.6.1. MUB1.6.2 MUB1.6.3 MUB1.6.4 MUB1.6.5 MUB1.7.1 MUB1.7.	Interpretación de obras sinxelas con voz e /ou instrumento. Coñecer e representar de xeito	CSC, CCE C, CSIE E	C.L. E.O , EC C, C.A	Proba teórica Proba de audición.	O 0% da nota final para a práctica instrumental : 10% un exame individual, a final do trimestre das partituras traballadas , 10% práctica en grupo. Completa a nota as valoracións sobre traballos, tarefas diarias, atención e participación na clase. Cun 10% . Se o tempo o permítase farase unha proba de audición cu 10% do corresponden á nota final. *Dentro 20% da nota final

n,ñ	B.2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición.	B.2.1.	MUB2.1.1. MUB2.1.2	gráfico a música.	CCEC	E.O, C.A , TIC , EC C,	. Dentro do 20% da práctica instrumental e tamén dentro do 70% da proba teórica.
-----	---	--------	-----------------------	-------------------	------	--	--

n	Elementos que interveñen na construción dunha obra.	B.2.2	MUB2.2.1	Recoñecer as partes fundamentais da obra.	CCEC, CAA	TIC, ECC	Proba teórica e proba de audición.	Dentro do 70% da proba escrita e o 10% da audición
h, e	B.3.6. Recollida de información.	B3.4.	MUB3.4.1 MUB3.4.2	Manexo vocabulario básico .	CCL	CL, EO, CA, TIC	Traballo escrito.	Dentro do 10% da nota para traballos.
e, n, l	B3.7.Música actual	B3.5	MUB3.5.1 MUB3.5.2	Recoñecemento auditivo das grandes décadas do rock. Coñecemento de obras e autores d a década dos 60.	C.D, CCEC	C.L, E.O, C.A, TIC, E.	Proba teórica	Dentro do 70% da nota final.
n	B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.	B.4,1	MUB4.1.2	Edición de dúas partituras.	CD, CSIEE	CL, E.O, C.A, TIC, E, ECC.	Proba práctica.	Dentro do 10% da nota para traballos

2ª Avaluación

Unidades 5, 6, 7, 8: A melodía. A altura. As escalas. Instrumentos de vento. Instrumentos populares galegos I. Xéneros musicais II.

OBX.	CONTIDOS	CRITER. AVAL.	ESTÁNDAR APREND.	GRAO MÍNIMO	COMPT.	ELTOS TRANS.	INSTR: AVAL:	CRITERIOS CUALIF.
a, b, d	B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación. B1.11. Aceptación e cumprimento das normas de interpretación.	B1.4.	MUB1.4.1. MUB1.4.2. MUB1.4.3.	Interpretar canción sinxelas.	CAA CCEC	TIC, CL, EO,	Proba práctica.	Dentro do 20% da nota para práctica instrumental.
a, n	B1.14. Composición individual ou en grupo.	B1.5	MUB1.5.1 MUB1.5.2	Composición dúas obras 12 compases 4/4	CAA, CCEC, CSIEE	TIC, CL, EO.	Proba teórica.	Dentro do 10% da nota para traballos en clase o una casa.
n, ñ	B2.3. Tipos de instrumentos de vento.	B2.1.	MUB2.1.1 MUB2.1.2	Coñecemento do cadro de instrumentos vento.	CCEC	TIC, EO, CL, E	Proba teórica	Dentro do 70% da nota para as probas teóricas.
h, n	B2.6. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto .	B2.3	MUB2.3.1 MUB2.4.1 MUB2.4.3.	Escoita respectuosa	CSC	CL, E, EO	Caderno profesor.	Dentro do 10% da nota.

1	B3.3. Pluralidade de estilos na música actual.	B3.2	MUB3.21	Coñecemento de estilos rock,pop.	CCEC	CL, E, EO	Proba teórica e audición.	Dentro do 70% e do 10% audio.
---	--	------	---------	----------------------------------	------	-----------	---------------------------	-------------------------------

3ª Avaluación.

Unidades 9, 10, 11, 12, 13: Acordes. Dinámica. Carácter. Textura. Instrumentos percusión e electrónos, vento mecánico. Instrumentos populares galegos II. Xéneros musicais III.

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS AVAL.	ESTÁNDAR. APREND.	GRAO MÍNIMO	COMPET.	ELTOS TRANS	INSTRUME. AVAL.	CRITERIOS CUALIF.
n, ñ, m	B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical.	B1.1.	MUB1.1.1 MUB1.1.2 MUB1.1.3.	Percusión corporal básica. Patróns rítmicos sinxelos.	CMCC T CCEC	CL, E, TIC	Proba práctica	Dentro do 20% da nota da proba práctica.
a,b,d	B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas.	B1.4.	MUB1.4.1 MUB1.4.2. MUB1.4.3. MUB1.4.4. MUB1.4.5.		CAA, CCEC,	TIC, E, EO.	Probos práctica. Caderno profesor	Dentro do 10%.
m,n,	B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	B3.1.	MUB3.1.1. MUB3.1.2.		CCEC	TIC	Proba teórica.	Dentro do 70% da nota para probas escritas.
l,n,ñ	B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores...	B3.3	MUB3.3.1 MUB3.3.2 MUB3.3.3 MUB3.3.4		CCEC	TIC	Traballos escritos.	Dentro do 10% para traballos.
n	B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.	B4.1.	MUB4.1.1. MUB4.1.2.		CD CSIE E	TIC	Traballo práctico	Dentro do 10%
n	B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical.	B.2.2	MUB2.3.1.	Recoñecemento melodía, harmonía, ritmo, forma básica dunha obra.	CSC	CL, CA, TIC.	Proba teórica.	Dentro do 70% nota probas teóricas.

n	B.3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas	B3.3	MUB3.3.1	Recoñecemento auditivo das grandes décadas do rock. Coñecemento de obras e autores do ano 2000 ata a actualidade.	CCEC CAA	E.O, C.A, TIC, ECC,	Traballo escrito, proba de audición, proba teórica.	Dentro do 70% da proba teórica. Dentro do 10% da nota para traballos.
n	B.3.8. Épocas da Historia a Música: características, autores	B3.4.	MUB3.4.1 MUB3.4.2		CCEC, CSC	CL, EO, CA, TIC, ECC.	Traballo de edición partituras. Traballo de gravación.	Dentro do 70% da nota final.
e, n	Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.	B4.1	MUB4.1.1 MUB4.1.2	Empregar técnicas de edición de partituras, gravación e recursos musicais de internet.	C.D, CCEC	C.L, E.O, C.A, TIC, E.	Proba teórica e audición.	Dentro do 10% da nota final.
g,n,e	B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.	B3.6.	MUB3.6.1 MUB3.6.2	Valoración dunha manifestación musical con rigor, claridade e vocabularios apropiados.	CCEC CSC	C.L, E.O. TIC. EO. ECC, C	Proba de audición. Traballo escrito.	Dentro do 70% da nota da proba final. Proba de audición que corresponde a un 10%.

10- Anexo I á táboa

Na presente data estase a valorar con enquisas ao alumnado a posibilidade de adquirir un instrumento melódico como se fixo no curso pasado (kalimba ou ukelele). Se así fora, manteríase o apartado de práctica instrumental. De non poder incluír este ano instrumental (o curso pasado non todo o alumnado poido asumir a compra deste instrumento) pois a consigna é empregar o menos posible todo o que supoña material manipulativo, substituirase esta proba por audicións e tarefas de identificación e memoria auditiva, previo traballo da escoita.

11- Metodoloxía didáctica, estratexias. Materiais e recursos didácticos.

Os principios xerais metodolóxicos serán para esta materia os desenvolvidos no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, que establece que:

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as, e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se porán en práctica tan pronto como se detecte dificultade de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita.

De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional formarán parte do traballo da materia durante todo o curso.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarse un

tempo á lectura na práctica docente.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e, aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Os principios metodolóxicos concretos para a materia de Música serán como segue **ao desenvolver as tarefas de cada unidade:**

Os contidos da materia de música a este nivel son artellados en torno a dous eixes principais : *percepción e expresión*, vinculados á súa vez, e de xeito directo á adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todos os cidadáns.

A partir desas dúas áreas principais, os contidos están distribuídos en catro bloques: Escrita , directamente relacionada co eixe de percepción, Interpretación e Creación , ligada á expresión, Contextos musicais e culturais, directamente relacionados coa percepción e da expresión e finalmente o bloque das TIC.

Deberá traballarse con programas de edición de partituras, manipulación e edición do son, caixas de ritmos e mesmo secuenciadores online.

Na parte final de cada unidade hai unha serie de actividades que permiten avalialos contidos traballados pero ademais, como se apuntou máis arriba, o alumno dispón dun caderno que supón un seguimento de actividades para cada contido de cada apartado.

Para o tratamento destes contidos séguese unha metodoloxía específica que promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de aprendizaxe que posibilitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, con claridade, de forma concisa e estruturada, para favorecer a súa comprensión.
- Prácticas sinxelas que reforzan a comprensión de determinados contidos.
- Síntese que permiten aos alumnos identificar os contidos esenciais, estruturais e organizalos en mapas conceptuais.
- Actividades diversificadas (aplicación, comprensión, interpretación e traballo en equipo, traballo e reforzo de valores, TIC, audicións guiadas, interpretacións vocais e/ou instrumentais, análises e recoñecemento de formas, elementos da linguaxe musical, comentarios de textos musicais), secuenciadas por niveis de dificultade e que facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.

- Detección de ideas anteriores sobre os conceptos da unidade.
 - Fomentar audicións de escoita activa e desenvolver a memoria auditiva para discriminar os pulsos e acento natural dunha obra musical.
 - Desenvolver formas de expresarse corporal vocal e instrumentalmente.
 - Estimular a improvisación melódica e rítmico-corporal.
 - Exposición de contidos (torbellino de ideas, ideas contrarias...) polo profesor.
 - Actividades que permitan estimular a experiencia musical a través da participación na interpretación instrumental.
- * Inculcar a importancia do silencio para a escoita atenta das audicións propostas.
- Procurarase fomentar a participación do alumnado na clase, afirmando a confianza e o respecto cara ás interpretacións musicais e ás audicións, individuais ou en grupo.
 - Traballo dos contidos con apoio de exercicios, caderno de clase, traballos de documentación e identificación, facendo conta da ortografía correcta, dun léxico adecuado, dunha escritura técnica e correcta dos signos musicais.
 - Na área de música dedicaremos un espazo importante a contidos procedimentais e actitudinais, dada a natureza práctica da materia, non descartando o traballo de contidos conceptuais, tamén presentes, cando sexa necesario.
 - Presentaremos a materia favorecendo a participación do alumnado con preguntas que leven sempre a fomentar a curiosidade.
 - Completarase o reparto con actividades **de audición**, comentario de texto, de partituras, de prensa e crítica musical.
 - Aproveitaráanse para a aprendizaxe os acontecementos musicais do contorno. A investigación musicolóxica, e deste xeito, outro dos procedementos empregados, xa sexa esta de campo ou biblioteca.
 - Escritura e lectura musical, audición activa e comentario de partituras sobre audición, comentario de textos musicolóxicos, improvisación melódica, rítmica e psicomotriz, canto individual e coral, interpretación musical, elaboración de mapas conceptuais e elaboración e interpretación de mapas históricos, investigación de campo, exposición e expresión oral, utilización dos medios instrumentais e audiovisuais.
 - Favoreceremos asimesmo a interdisciplinabilidade nas actividades con outras áreas, como a colaboración do Departamento cos departamentos de Língua Galega, Biblioteca e outros departamentos, así como a participación musical naquelas actividades derivadas da nosa contorna e propostas polo concello.

Coa escolla de tarefas interactivas e online preténdese achegar ao alumnado un xeito máis didáctico e lúdico de afrontar o traballo desde a casa ao tempo que se acostuman ao aprendizaxe en liña e coñecen as múltiples posibilidades que ofrece, nomeadamente no espazo musical.

Para a práctica instrumental, preténdese, na liña antes citada, simplemente, manter o hábito de interpretar co instrumento, animando ao alumnado a gravar en audio e enviar as súas interpretacións, se ben con flexibilidade e espaciadas no tempo.

Materiais e recursos:

A materia de Música volve ser impartida na súa aula de referencia, existe aínda a obriga de desinfectar todos os materiais que se lle ofrezan ao alumnado pero a práctica ensino-aprendizaxe da materia cambia positivamente. Actualmente o alumnado trae o seu propio instrumento, ben frauta, melódica ou ukelele. Seguen a a aportarse partituras puntualmente, emprégase libro de texto e caderniño e os CD audio da proposta didáctica da editorial.

- Canón de vídeo.
- Piano.
- Guitarra.
- Instrumental ORFF.
- Ukeleles, frautas, melódicas.
- Micrófono.

*Aula Virtual habilitada na páxina web do centro.

* Libro de texto e caderniño EDIXGAL.

* Páxinas web interactivas e multimedia.

* Material de audio e vídeo.

* Correo electrónico.

12- Actividades extraescolares

Do mesmo xeito que viña acontecendo dende hai anos, previos á pandemia, o Departamento pretende que a materia de música teña presenza activa na vida do instituto, non só como unha materia que completa a formación do alumnado xunto coas demais materias se non como espazo de entretemento fóra do horario escolar , gracias ás actividades extraescolares isto é posible. Así pois este ano de novo está previsto organizar un grupo instrumental/vocal con alumnos/as dos cursos da ESO. Estes grupos poderían actuar nos actos e celebracións do centro (gradacións dos alumnos de bacharelato, Letras galegas, Entroido...etc.) con este fin establecerase un horario de ensaios nos recreos semanais e polas tardes nas actividades extraescolares se fose necesario. Estes grupos actuarán nos festivais de Nadal e fin de curso, e naquelas actividades que se realicen no concello con participación musical de centros escolares.

- Está prevista a asistencia concertos didácticos no Auditorio de Santiago , a viaxe a Coruña para ver ópera no Pazo, ou actuacións musicais no Coliseum, Pazo da ópera, Teatro Bergidum de Ponferrada.

- Lembrar que no tempo de lecer, a aula de música é " visitada" por todos/as os que queren tocar algún instrumento, escoitar música, recibir clases de apoio instrumental ou calquera tipo de actividade que se relacione coa música. Os horarios destas clases de apoio quedaran establecidos durante dous dos recreos da semana e serán sempre supervisados pola profesora.

-Queda aberta tamén a posibilidade de traballar cos departamentos de Galego e Educación Física, como ven sendo habitual .

- Visitas a museos, cines, teatros (opera, ballet, danza..) traballos en biblioteca , creación e participación en agrupacións musicais.

13- Procedementos e instrumentos de avaliación

13.1- Avaliación inicial

Especial atención debe dársele á avaliación inicial. Será suficiente con dedicar o mes de outubro a repaso da lectura e signos da grafía musical e audición. Con insistencia en segundo de ESO na audición e lectura de ritmos e melodías. Sempre, para este nivel, partiremos do grao de coñecemento do alumno (que saberemos tras facer a enquisa escrita de comezo de curso para todos os niveis) de xeito que a nova aprendizaxe medre dos contidos, representacións e coñecementos que construíu o alumno no transcurso de aprendizaxes previas. Así mesmo comezaremos a desenvolver os contidos do curso nunha panorámica xeral a partir de cada unha das preguntas da enquisa.

É importante ter en conta os gustos e preferencias do alumnado en canto a tipo de música que escoita habitualmente, ben para ampliála, ben para chegar dende esta, a outras que aínda non coñece, esta dinámica é o eixo do que parte a metodoloxía na materia de Música.

Estas preguntas faranse de forma anónima e ocuparán a primeira semana do curso, arroxando luz na decisión de que metodoloxía precisa e contidos traballar e/ou repasar primeiro. Adxúntase a continuación a enquisa.

Dpto de Música.

Inicio curso 21-22

CURSO _____

1 -Que tipo de música escoitaches máis a miúdo este verán?

2- Que tipo de actividades realizaches relacionadas coa música estas vacacións?

3 - Cres que tivo moita importancia a música na tua vida estas vacacións? Porque?

4- Comenta algún feito musical que te sorprendera , algún tipo de música que non coñeceras...

5- Asistencia a concertos/ musicais/ óperas. Comenta si asistiches a algún: tipo de artista/s, calidade do directo, posta encena, valoración persoal ...

6- Poderíamos vivir sen música? Razona a resposta.

7- Que é unha figura? E unha nota?

8- Gustaríache participar nun coro ou formar parte dun grupo de música ¿? Nese caso de que tipo.

9- Escolle un tipo de música dunha parte do mundo e coméntaa.

10- Qué entendes por Música clásica?

11- Qué tipos de danzas / bailes coñeces?

12- O ruído dun tren cando pasa... é música? Razona a resposta.

13- Ten algo que ver a literatura, a poesía coa música? Razona a resposta.

14-Importancia da música no cine.

15-Afecta a música nos nosos sentimentos e comportamentos? ¿ Por que cres que isto sucede?

16-Que entendes por música pop, rock, folk?

17-Importancia da música no baile.

18-Tipo de programación musical que viches na tele ou escoitaches na radio este verán.

19-Que é unha banda?

20-Tocas algún instrumento, ou che gusta cantar ?

21--Podes asumir a compra dun instrumento melódico (Kalimba ou ukelele) entre 30-40 Eur?

SI NON

Que pensas que che pode aportar esta materia?

Que cres que podes aprender?

13.2. Avaliación continua

Os instrumentos que permiten realizar a avaliación do alumno nesta materia son os que seguen:

Escritos	Orais	Outros
<ul style="list-style-type: none"> - Tarefas diversas do alumnado na actividade diaria da clase. (Exercicios libro) - Actividades diversas de avaliación de aprendizaxes e de competencias básicas. (Fichas) - Proceso seguido na análise de partituras. - Actividades TIC: interactivas, vídeos, audios, enlaces a Internet. - Caderno del alumno, caderno do libro. - Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiables, probas, etc.). - Traballos cooperativos. <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario escrito en resposta a contidos xa dados, e que veñen no libro de texto (relativos a Linguaxe musical e a Historia da Música). * Diario musical. 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretacións individuais e grupais (instrumental) - Participación do alumno. - Intervencións na clase, no traballo cooperativo, etc. - Exposición dos traballos. - Respostas demandadas durante a clase. <ul style="list-style-type: none"> - Recomendación ou suxestións (tarefa voluntaria) de actividades musicais que se están a desenvolver nas redes ou de difusión nos medios. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ficha de rexistro individual. - Rexistros para la avaliación continua del grupo-clase. - Auto avaliación. - Blog de notas diarias da profesora. - Observación e anotación dos progresos. <ul style="list-style-type: none"> - Orde e aportación semanal do material. Actividades interactivas. - Partitura aportada para interpretación e posterior gravación de audio e vídeo. - Traballos varios (creación, edición e composición) na páxina web Toy Theater. - - - Repaso online tipo test con Kahoot. Análise de Audio e /ou vídeo de monografías musical (<i>Beethoven for kinder</i>) - Gamificación (exercicios interactivos tipo test) - Traballos resultantes de web musical interactiva e multimedia.

Procedementos:

- * Observación sistemática e valoración do ritmo de traballo en tempo e forma.
- * Observación da calidade e corrección das tarefas. Terase en conta a lexibilidade, limpeza e respecto ás normas de presentación.
- * Demanda diaria de cuestións relativas a cada tema.
- * Solicitude de traballos escritos con resumo e esquema.
- * Valoración do interese e atención.
- * Solicitude de composicións sinxelas.
- * Solicitude de interpretación musical con instrumento e gravación de audio.

- * Proposta de partituras e literatura musical para interpretación.
- * Proposta de material experimental con guía para resolución de actividades interactivas e multimedia.

13.3. Nota de cada avaliación e final, promoción da materia- Criterios.

➤ **A nota para a primeira, segunda e terceira avaliación** será o resultado de sumar as porcentaxes que se detallan para cada estándar: un 70%- 7 puntos- probas teóricas, escrita ou oral a determinar, 20%- 2 puntos- práctica instrumental, e un 10% para audición e /ou outros traballos escritos ou non do alumnado se os houbera dependendo do desenvolvemento dos contidos de cada trimestre no tempo necesario. Considerarase superada a avaliación se o alumno acadar como mínimo un 5.

Para promocionar a materia de Música en segundo curso será necesario acadar como mínimo unha puntuación igual a 5 puntos, resultado da suma matemática das tres avaliacións.

➤ Aqueles alumnos que **suspenderan unha, dúas ou as tres avaliacións**, do que terán coñecemento a primeiros do mes de xuño, poderán optar a superar estes resultados de cara á avaliación ordinaria que terá lugar a finais de xuño. Para iso, neses días, recibirán fichas de repaso e traballo de cara á preparación dunha última proba que se considerará superada se acadan nela como mínimo un 5.

Daráselle polo mes de maio unha ficha detallando que tipo de contidos/ traballos concretos deberá preparar ou entregar para superala. A proba sempre incluirá os contidos teórico-prácticos traballados durante o curso. Para os contidos da proba práctica, detallaráselle igualmente por escrito a cantidade e tipo de obras que deberá preparar do mesmo xeito que se prepararon durante curso os exercicios de contidos mínimos. Queda aberta a posibilidade, se así o considera a profesora, de computar o 30% da nota para un traballo-resume escrito de todos os contidos desenvolvidos no libro de texto, que aportarán o día do exame, e o outro 70% para o exame escrito. Esta proba escrita constará de sete preguntas. Cada pregunta valerá un punto. Para aprobar a materia deberá acadar como mínimo un cinco na totalidade das probas.

➤ Aqueles alumnos que tendo superadas as tres avaliacións **desexen mellorar** os resultados na avaliación ordinaria poderán facelo presentándose ás probas escritas e realizando as fichas de repaso ou traballos escritos preparatorios para dita proba. Se as superaran adecuadamente poderían subir a nota ata **1, 5 punto**.

13.4 Procedemento de avaliación para a recuperación e para mellora da nota en cada avaliación.

Establécese no Departamento que cada **avaliación recupérase na avaliación seguinte, segundo os mesmos mecanismos e criterios de cualificación que para a avaliación anterior, e sempre segundo a disposición horaria que estableza a profesora.**

En caso de non superar alguna das devanditas recuperacións, proporase unha proba final escrita da avaliación ou avaliacións non superadas.

Valorarase a presentación do caderno de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

Aqueles alumnos que superaran a avaliación pero que así **desexen subir a nota** teñen a posibilidade de examinarse respondendo a unas preguntas que para tal fin se farán o mesmo día das recuperacións ou presentando as actividades escritas de traballo completadas. A proba constará de cinco preguntas dunha valoración de dous puntos cada unha.

13.5. Procedemento de avaliación para a materia pendente

Para os alumnos coa **materia pendente** de segundo, ofertarase a posibilidade de facer unha proba escrita en febreiro ou maio (sempre condicionadas ao horario dispoñible) ademais dun seguimento da materia a través de traballos mensuais correspondentes a cada unha das unidades tratadas nun trimestre. Estas tarefas serán entregadas todos os meses no Departamento e corrixidos polo profesor/a do alumno/a da materia no curso presente.

Convirase un dos recreos semanais para ter aberta a aula de música con esta finalidade de entrega de fichas de repaso e consulta de dúbidas.

14- Medidas de atención á diversidade e ACNEAE

- **REFORZO:** fichas fotocopiables con actividades para traballar a aprendizaxe dos contidos mínimos e facilitar ao alumno que o requira a adquisición das competencias básicas.
- **PROFUNDIZACIÓN:** fichas fotocopiables con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso, etc.
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros e de minorías, necesidades educativas especiais e sobre dotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo-clase pode estar a analizar auditivamente obras de diferentes épocas. Un grupo de alumnos pode encargarse de identificar a época á que pertence cada obra, outro grupo o estilo, e outro os instrumentos que participan na interpretación.

15- Contribución ao proxecto lector

A lectura en voz alta, atenta e pormenorizada dos textos obrigados para cada curso a cargo dun alumno precederá sempre a explicación do profesor. Sempre se traballa o texto detalladamente, no significado das palabras, analizando a estrutura, subliñando o relevante de cada apartado, sinalando as ideas principais mediante os exercicios para favorecer a comprensión lectora e se é posible a memorización de ideas elementais.

No primeiro trimestre os alumnos fan un traballo que expoñen na aula mediante a lectura do mesmo.

O profesor aportará textos para traballar sempre que sexa necesario, e fará lecturas parciais (profesor e alumno) das obras que considere convenientes para cada contido.

Seguindo o plano lector- ler para gozar- o docente pode recomendar diferentes lecturas, e na aula a máis dos textos pódense ler quince

minutos semanais libretos de ópera, versos musicados ou outros

tipos de literatura musical que nos poden prestar tantas obras musicais con linguaxe verbal.

Tamén se potenciará a lectura a través da procura por parte dos alumnos de artigos de opinión

extraídos de:

- Revistas especializadas
- Periódicos.
- Internet....

Finalmente, poderanse propor algún dos seguintes libros de lectura obrigada na casa, sempre que o horario para segundo e terceiro especialmente, o permita:

- Joseph Gelinek, La décima sinfonía.
- “ El violín del diablo
- Javier Urzay, La ópera secreta.
- Michael Crane, El violinista de Praga.
- Steve López, El solista.
- Steven Galloway, El violonchelista de Sarajevo.
- Fernano Argeta, Pequeña historia de la música.
- Peter Harris , El enigma Vivaldi.
- Eitan Melnick, La clave Wagner
- N.J.Grace, El músico bromista.
- Mónica y Hans-Günter Heumann, Hª de la música para niños.

16- Contribución ao proxecto TIC

Esta competencia consistirá en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorporar diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Estará asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acuda e ou soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).

Requirirá o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro) e das súas pautas de codificación e transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que esta adoita expresarse.

Os alumnos disporán de información que non se produce de forma automática en coñecemento.

Transformarán a información en coñecemento utilizando as

destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Isto significará que os alumnos, así mesmo, comunicarán a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Utilizaranse na súa función xeradora ó

empregalas, por exemplo, como ferramenta non uso de modelos de procesos artísticos.

Así mesmo, esta competencia permitirá procesar

e xestionar adecuadamente información abundante e complexa,

resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaboradores ampliando os contornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.

A competencia dixital incluírá utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación extraendo ou seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dous sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen non mundo persoal e socio laboral. Así mesmo suporá manexar estratexias para identificar e resolver vos problemas habituais de software e hardware que vaian xurdindo. Igualmente permitirán aproveitar a información que proporcionan e analizala de forma crítica mediante ou traballo persoal autónomo e ou traballo colaborador, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos. Ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos.

En definitiva, a competencia dixital comportará facer uso habitual dous recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ó mesmo tempo, posibilitará avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, ou tratamento da información e a competencia dixital implicarán ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ó seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular ou uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Internet é un medio de comunicación que cada día está máis presente nas nosas vidas e que non podemos deixar de lado. É unha ferramenta moi útil, para alumno e para docente. O alumno sabe que hai información, pero á meirande parte das veces é errónea ou non saben atopar a adecuada, por iso dende a aula é importante indicarlle os buscadores axeitados e facer un percorrido por aqueles que teñan máis interese relacionado coa educación musical. Favorecerase o uso das novas tecnoloxías, acudindo co alumnado á aula de informática a traballar con programas editores de partituras como os moi coñecidos FINALE e ENCORE.

Do mesmo xeito que para os buscadores aportaráselle ó alumnado unha serie de direccións en internet encamiñadas a afondar en contidos tratados na aula. Hoxe en día a 'biblioteca' máis visitada é a virtual polo que cando xurda a posibilidade de encargarse un traballo escrito individual ou grupal debemos aconsellar e dirixir ó alumno sobre que lugar na web é o máis idóneo para atopar verdadeira información.

*Para linguaxe musical:

www.mrjam.com/cmm/mp3/accudlm1.html

*Conceptos de melodía e harmonía:

www.aulaactual.com/armonia/default.html

www.musicum.net/org.htm

*Exercicios de teoría musical: www.teoria.com/indice.htm

*Construción de instrumentos de vento: www.soymusico.com

*Instrumentos da orquestra:

www.melomanos.com/academia/instrum/clasific.htm

www.corazonistas.com/haro/recursos/instrumentos/index.htm

*Sobre ópera: www.weblaopera.com www.cuentameunaopera.com

This is opera. TVE (online á carta)

*Sobre danza: www.ndanza.mcu.es

*Sobre compositores dos séculos XVII-XX: www.epdlp.com

*Cine musical: www.cineclasico.com

*Evolución do pop:

[www.pritjc.mec.es/ies.melchor.de.macanar/Departamen ...Evoluciomusica.pop](http://www.pritjc.mec.es/ies.melchor.de.macanar/Departamen...Evoluciomusica.pop)

* Partituras: www.partiturasencore.com

*Música culta: www.classicalarchives/.com

17- Contribución ao plan de convivencia

Actualmente o Plan de Convivencia no centro estase a reelaborar. A materia de Música contribuirá a favorecer as seguintes actitudes:

- * A participación activa nas actividades do centro relacionadas co convivencia.
- * A actitude positiva ante os valores democráticos.
- * O respecto ó dereito de estudio dos demais e a contribución a un clima adecuado na clase.
- * O deber do traballo.
- * A realización das tarefas encomendadas.
- * O esforzo.
- * A asistencia a clase.
- * A puntualidade.
- * O respecto ós horarios.
- * O respecto ás normas de convivencia do centro.
- * O coidado das instalacións e material do centro.

- * A participación na resolución pacífica de conflitos, mediación e recoñecemento das propias faltas.
- * A participación na vida do centro, solidariedade, compañeirismo, bo trato, educación
- * O recoñecemento da autoridade do profesor e importancia da súa función social.
- * O respecto e apoio ós profesores.
- * O respecto á dignidade da persoa, integridade física e moral, liberdade de conciencia, intimidade e non discriminación por razóns de sexo, raza, cultura ou relixión.
- * A conciencia sobre a contaminación acústica axuda a evitar os ruidos innecesarios no centro e a poñer en valor o silencio.
- * A música é fundamental e necesaria para facer unha sociedade máis xusta e solidaria. A educación non consiste só en adquirir coñecementos, senón en facer persoas completas o que se logra a través do desenvolvemento de todo tipo de capacidades, a través dos procedementos e actitudes.
- * A educación musical contribúe a desenvolver actitudes como: o respecto, a solidariedade, a sensibilidade, a orde, o silencio, a alegría equilibrada, a tolerancia e entendemento e en xeral todo tipo de hábitos que favorecen a paz, a convivencia e o equilibrio persoal.
- * A participación nas actividades do aula favorece a integración e a igualdade así como o respecto entre todos ao manifestarse artisticamente.
Existe ademais unha igualdade no reparto de tarefas e responsabilidades. As habilidades e destrezas non veñen condicionadas nunca polo sexo, todos podemos por igual expresarnos a través dela. A música ademais , coa posibilidade que
ten de portar mensaxes lingüísticas pode tratar temas de contido social , contra a violencia de xénero e a favor da igualdade home/muller, como se ven facendo todos os cursos dende o Departamento de Música, prepáranse unha serie de actividades musicais solidarizándonos coas vítimas o 25 de novembro.

18- Indicadores de logro para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino.

O traballo do profesor pode e debe ser valorado polo seu alumnado na procura de melloras. Estas son as posibles rúbricas que o profesor ó final dun trimestre ou ao final de curso pode propoñer ao seu alumnado para que arroxen luz sobre a orientación da práctica ensino-aprendizaxe.

INDICADORES	VALORACIÓN SI ou NON	<u>PROPOSTA DE MELLORA</u>
1- Corrixe e explica de xeito habitual os traballos e as actividades dos alumnos e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
2- Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3-Realiza a avaliación inicial ó comezo de curso para axustar a programación ó nivel dos estudantes.		
4-Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.		

5-Proporciona información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
6-Emprega suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos		
7- Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8- Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.		
9- Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.		
10- Emprega diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11- Emprega diferentes medios para informar dos resultados ós estudantes e ós pais.		

12- Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
13- Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, si é posible cos xa coñecidos, intercala preguntas aclaratorios, pon exemplos..		
14- Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases.		
15- Optimiza tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
16-Emprega apoio audiovisual ou doutro tipo para os contidos de aula.		
17- Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos alumnos.		
18- Desenvolve os contidos de xeito ordenado e comprensible para os alumnos e plantea as actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
19- Presta atención ao seu alumnado máis necesitado sen provocar discriminacións		
20- Os contidos resultaron interesantes e así o manifestou o alumnado.		
21- A explicación didáctica é comprensible estimulante.		
22- Enumera as dificultades.		
23- Aspectos que botaches en falta.		

19- Mecanismos de revisión e avaliación da prograación didáctica.

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	Adecuase o desenvolvemento da clase con las características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	Considerouse a interdisciplinariade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regularización da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos empregados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores.		
	Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?		
	- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?		

	-Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?		
Avaliación das aprendizaxes e información que delas se lle da ós alumnos e ás familias.	Os criterios para una avaliación positiva atópanse vinculados ós obxectivos e contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: - Ós alumnos. - Ás familias.		
Emprego de medidas para a atención á diversidade	Adóitanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofrécese resposta ás diferentes		
	capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo ós informes psicopedagóxicos.		